



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 57 do Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga potable, que rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa:

1) A prestación do servizo de subministro de auga potable polo Concello de Baiona para:

- Usos domésticos en domicilios particulares.
- Usos comerciais e industriais.
- Usos de obras.
- Usos de hostalería

Interpretaranse os usos da seguinte maneira:

a) Usos domésticos en domicilios particulares: Enténdese por tales, tódalas aplicacións que se dan ao auga para atender as necesidades da vida e hixiene privada, como son: a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal doméstica.

b) Usos comerciais e industriais: Enténdese por tales, os subministres prestados a calquera clase de comercio ou industria excluída a hostalería, actividades profesionais e redes interiores contra incendios. As concesións para estes usos levarán comprendida implicitamente outra concesión para os domésticos propios do establecemento ou vivenda en que se exerza a industria ou comercio. O concesionario virá obrigado a independizar as instalacións, e colocar contadores independentes.

c) Usos de obras: Enténdese por tales os subministres efectuados aos inmobles onde se realicen obras que teñan a consideración de maiores, permanecendo suxeito á tarifa sinalada en tanto non sexa obtida a correspondente licenza de primeira ocupación, apertura ou cambio de uso e sexa solicitado o referido cambio.

d) Usos de hostalería. Enténdese por tales, os subministres prestados a calquera clase de actividade comercial relacionada coa hostalería ou restauración

2) A actividade municipal técnica e administrativa, tendente a verificar si danse as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de abastecemento de auga municipal.

- A realización das obras de conexión á rede de abastecemento e o seu mantemento.
- Subministro de contadores e o seu mantemento.
- Os demais servizos que se detalan na tarifa da Taxa.

3. Non estarán suxeitos á taxa os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo. A estes efectos entenderase por ruinoso unicamente aquel inmovble que fose obxecto dunha declaración administrativa de ruína de acordo co disposto no Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Ley General Tributaria, Ley 58/2.003 de 17 de decembro, que realicen o feito imponible

Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do Servizo.

ARTIGO 4. RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Ley 58/2.003, de 17 de decembro, General Tributaria.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Ley General Tributaria

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.

A cota desta Taxa será a seguinte:

| CONCEPTOS | Tarifa |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| 1.AUTORIZACIÓN CONEXIÓN Á REDE | |
| Domicilios particulares, cada vivenda | 314,96 |
| Establecementos mercantís, agás sector hostalería | 457,55 |
| Sector hostalería | 686,36 |
| 2.SERVICIO DE ABASTECIMIENTO | |
| Domésticos: | |
| Mínimo: 30 m3/trimestre (€/m3/trimestre) | 0,6610 |
| Desde 30 hasta 60 m3/trim (€/m3/trimestre) | 0,7554 |
| Desde 60 hasta 90 m3/trim (€/m3/trimestre) | 0,9647 |
| Desde 90 hasta 150 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,1739 |
| Desde 150 a 300 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,3165 |
| Más de 300 m3/trim (€/m3) | 1,3596 |
| Industriales, comerciais: | |
| Mínimo: 60 m3/trimestre (€/m3/trimestre) | 0,7554 |
| Desde 60 hasta 195 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,1739 |
| Desde 195 hasta 300 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,3165 |
| Más de 300 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,3596 |
| Agua de obra: | |
| Mínimo: 60 m3/trimestre (€/m3/trimestre) | 0,7554 |
| Desde 60 hasta 150 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,1739 |
| Desde 150 hasta 300 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,3165 |
| Más de 300 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,3596 |
| Hostelería: | |
| Mínimo: 120 m3/trimestre (€/m3/trimestre) | 0,7554 |
| Desde 120 hasta 240 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,1739 |
| Desde 240 hasta 300 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,3165 |
| Más de 300 m3/trim (€/m3/trimestre) | 1,3596 |
| OBRAS DO PORTO | |
| Consumo (€/m3) | 0,6610 |
| LONXA | |
| Mínimo: 45 m3/trim.(€/m3) | 0,6610 |
| Excesos: (€/m3) | 0,7554 |
| 3. COTAS CONSERVACION | |
| Conservación contadores (€/abonado/mes) | 0,3479 |
| Conservación de acometidas de abastecemento (€/abonado/mes) | 0,2142 |
| 4. XESTIÓN DE COBRAMENTO A IMPAGADOS | |
| Cobramentos aos subscritores morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pagamento (€/ud.) | 4,51 |
| 5.- DESPRECINTADO DE CONTADORES POR CORTE DE SUBMINISTRO | |
| Por desprecintado de contador para restablecer o subministro despois do corte deste (€/ud) | 29,57 |
| 6.- CONEXIÓN A REDE DE CONTADORES E PRECINTADO DE UNIONS | |
| Por conexión a rede de contadores instalados por persoal alleo ao servizo e precintado das unións (€/ud.) | 19,69 |
| 7.- COMPROBACIÓN DE CONTADOR DE SUBSCRITOR CON CONTADOR PATRÓN | |
| Por comprobación do contador de subscritor, a petición deste, e soamente en caso de funcionamento correcto do contador (€/ud.) | 9,85 |



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

| PREZOS CONTADORES E ACOMETIDAS | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|-----------|-------------|-----------|
| 1.- PREZO DE ACOMETIDAS | | | | |
| Faise o cálculo sobre a base da acometida normal de 5m. de lonxitude máxima | | | | |
| Materiais | | | | |
| Colariño de toma | | | | |
| Enlaces | | | | |
| Canalización de P.E.: 1 a 5 m. | | | | |
| Chave de paso | | | | |
| Tapa de fundición de 15 x 25 | | | | |
| Obra civil. | | | | |
| Arqueta para colocación da tapa de 15 x25 | | | | |
| Lonxitude de zanja: 1 a 5 m. (apertura, peche e reposición do pavimento) | | | | |
| Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanja | | | | |
| Diámetro acometida (A) Zanja tierra (B) Zanja asfalto (C) Zanja baldosa-acera | | | | |
| 3/4" | 187,92 | 247,90 | 299,15 | |
| 1" | 206,35 | 265,76 | 316,45 | |
| 1y1/4-1y1/2" | 273,23 | 333,20 | 383,91 | |
| 2" | 325,16 | 383,90 | 435,27 | |
| Incremento en el precio de la acometida para acometidas superiores a 5 mm. | | | | |
| Acometidas de máis de 5 m. | 3/4" | 1" | 1,5" | 2" |
| (A) Incremento €/m | 10,24 | 11,93 | 17,08 | 27,64 |
| (B) Incremento €/m. | 22,48 | 24,21 | 29,32 | 40,82 |
| (C) Incremento €/m | 27,00 | 28,69 | 33,77 | 45,32 |
| 2.- PREZO DE CONTADORES | | | | |
| 1.- Contador de 13/15 mm. Instalación en batería de contadores o similar | | | | |
| - Contador, válvula antiretorno y piezas de conexión: €/ud | | | | |
| 2.- Contador de 20 mm. Instalación en batería de contadores o similar | | | | |
| - Contador, válvula antiretorno y piezas de conexión: €/ud | | | | |
| TARIFA DE CONTADORES (sen colocación): €/ud. | | | | |
| diámetro de 13 mm. | 64,51 | | | |
| diámetro de 15 mm. | 64,51 | | | |
| diámetro de 20 mm. | 90,82 | | | |
| diámetro de 25 mm. | 147,92 | | | |
| diámetro de 30 mm. | 206,77 | | | |
| diámetro de 40 mm. | 320,62 | | | |
| diámetro de 50 mm. | 700,36 | | | |
| diámetro de 65 mm. | 868,21 | | | |
| Nota: Estes prezos veranse incrementados co I.V.E. vixente | | | | |

ARTIGO 6. BENEFICIOS FISCAIS.

Establécense os seguintes beneficios fiscais, os cales deberán ser solicitados cada ano polos suxeitos pasivos. As devanditas bonificacións soamente terán vixencia durante o exercicio para o cal se concedeu a bonificación:



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

1.-Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación do 15 % na taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga potable, relativa ó inmoble de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estean empadroados.

Para ter dereito á bonificación os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Título oficial de familia numerosa, en vigor
- Certificado de convivencia no domicilio sinalado, expedido polo Concello
- Fotocopia do recibo de pago da taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga do último trimestre.

A solicitude de bonificación deberá presentarse no mes de decembro do exercicio anterior a aquel no que deba aplicarse.

Non se poderá aplicar a bonificación a mais de unha vivenda por titular.

2.- Establecese unha bonificación do 50 % da tarifa polo servizo de abastecemento doméstico para aqueles abonados domésticos cuxos ingresos da unidade familiar sexan inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional e que non dispoñan, xa sexa no municipio de Baiona ou en outro municipio, de outros bens inmobles rústicos o urbanos que no sexan aqueles aos que se fai referencia na petición de bonificación pra tarifa de abastecemento de auga.

Para ter dereito á bonificación os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada da declaración da renda do exercicio inmediato anterior ou no seu defecto certificación negativa da Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, correspondente a todos os integrantes da unidade familiar.
- Certificación catastral dos inmobles da súa propiedade, que poderán solicitar no Punto de Información Catastral do Concello.

Aos efectos previstos nesta bonificación terán a consideración de unidade familiar ó núcleo de convivencia composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o segundo grado e por afinidade ata o terceiro

ARTIGO 7. DEVENGO.

Devengase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuír:

- Nos servizos de devengo puntual, cando se presente a solicitude de conexión a rede xeral, dito servizo non se prestará sen que se efectuará o pago da taxa correspondente.
- Nos servizos de devengo periódico, devengarase a Taxa por trimestres naturais, ou, no caso de non coincidir o alta ou baixa co primeiro ou último día do trimestre natural, a fracción do trimestre que en cada caso corresponda.

ARTIGO 8. LIQUIDACIÓN.

- Cando se trate de servizos puntuais se liquidará e esixirá a Taxa correspondente en concepto de autoliquidación, e en todo caso antes de iniciar a súa prestación.
- Cando se trate de servizos de devengo periódico liquidarase a Taxa en períodos trimestrais.
- S realizase a acometida sen mediar solicitude procederase a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no artigo 62.2 da Ley General Tributaria, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

ARTIGO 9. INGRESO.

- Cando a Taxa se exaccione por Padrón esixirase no período sinalado na tarifa ou, no seu caso, no que acorde a Alcaldía a proposta da Empresa Concesionaria
- Os ingresos correspondentes a liquidacións periódicas efectuaranse no lugar que determine a Empresa Concesionaria, os ingresos correspondentes a liquidacións puntuais (non periódicas) efectuaranse na Tesourería Municipal ou na conta restrinxida que se sinala.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Nesta materia estarase ao disposto na Ley General Tributaria, e artigos correspondentes do Regulamento General de Recaudación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

ARTIGO 11. NORMAS DE XESTIÓN.

- Corresponde ao Concello a aprobación das liquidacións correspondentes a calquera dos servizos, e a notificación e cobro das liquidacións correspondentes ao servizo de autorización de conexión a rede.

- Corresponde a Empresa Concesionaria a xestión e cobro dos restantes servizos, previa fiscalización por Intervención e aprobación pola Alcaldía.

- Transcorridos seis meses dende a liquidación dunha facturación a Empresa Concesionaria deberá ingresar o importe total do canon do trimestre facturado, a non ser que acredite fehacientemente a imposibilidade do cobro, presentando relación de fallidos e solicitando do Concello declaración de créditos incobrables. Dos demais créditos que non sexan fallidos solicitará do Concello a utilización da vía de apremio.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., e comezará a aplicarse con efectos 01/01/2016, si a devandita data xa está formalizado o contrato administrativo coa empresa resultante da adxudicación acordada polo Pleno en sesión de 19 de agosto de 2015. No caso contrario, e para o actual concesionario (segundo contrato administrativo de 14/06/1994) seguirán vixentes as tarifas aprobadas na sesión plenaria de 03/10/13 e publicadas no BOP nº 240 de 16/12/13, e corrección de erros no BOP nº 246 de 26/12/2013”